

Nunca tanta felicidade nos embargara desde o gol de Marcelino na final daquela eurocopa do 64 contra Rusia. As cousas están volvendo ao rego despois dunha transi-

ción descocada, duns anos de libertinaxe e socialismo e de varias lexislaturas aturando ao enano catalán. Volverán bandeiras victoriosas. Choran os avós desde os seus retratos no salón. As

mulleres vestirán de novo os seus fillos con zapatos de charol e calcetíns de perlé. Garzón, felizmente, será co-roado Nobel nun acto multitudinario no Bernabeu e Ronaldo faranos campeóns. ♦


DIRECTOR: Afonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias. Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Tel.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado Greenacy 100 de 60 gr/m²

Descubriu as illas de Ascensión e Santa Helena João da Nova, o mariño galego ao servizo de Portugal

XAN CARBALLA
Maceda reivindicou este verán, cunha exposición, que estará aberta ata o 11 de setembro no castelo, a figura do navegante galego João da Nova descubridor de varias illas atlánticas e figura pouco reconecida en Portugal pero ignorada na Galicia onde ven dándoa a coñecer o investigador Santiago Prol.

Neste ano 2002 cúmprense cincocentos anos da denominada III Expedición portuguesa á India. A inicial é a de Vasco de Gama, o primeiro navegante occidental en abrir unha rota que pasaba cara Asia polo Cabo de Boa Esperanza. A segunda foi dirixida por Álvares Cabral, e foi a do achado oficial do Brasil pola coroa portuguesa. A terceira, con menos foguetería histórica, foi a que encabezou João da Nova, que descubriu as illas de Santa Helena e Ascensión, no Atlántico Austral, outro illote máis cativo na canle de Mozambique e finalmente deu coa mítica Taprobana, despois denominada Ceilán e hoxe Sri-Lanka. Estes achados tiveron menos trascendencia porque a monarquía lusa levaba adiante a que denominaba *política do sixilo* e tamén polo "menosprezo manifesto de case toda a historiografía lusa que o ninguneou a mantenta ou versionou con certa lenda negra para que Afonso de Albuquerque —que ata hai ben pouco tivo moi boa prensa en Portugal— saíse indemne dos seus excesos en Oriente", segundo interpreta Santiago Prol no seu libro publicado en xuño pasado pola Deputación de Ourense, *João da Nova. Un mariño galego ao servizo da coroa de Portugal*.

Á volta daquela expedición,



Santiago Prol preparou a exposición sobre João de Nova exposta no Castelo de Maceda, na foto superior. X.C.

en 1502, João da Nova foi recibido como heroe nacional e considerado home de máxima confianza, pero a condición de *estraxeiro* xogou na súa contra, dentro das propias intrigas do estado portugués e houbo quen á altura de 1507 quixo apresentationo como "felón e desestabilizador".

O navegante tiña nacido en Maceda entre o 1450 ou 1480, sen que se poda precisar a data, e o seu apelido está vencellado coa casa dos Novoa de Maceda, señores feudais que abranxían territorios estratéxicos do bispado de Ourense. As convulsións de finais do século XV lévano a Lisboa,

onde aproveitando a permeabilidade entre as nobrezas galegas lusitana fan aparecer en 1490 noso mariño como membro garda persoal de João II, nun época na que Lisboa era un irriso mercado internacional de distribución de produtos europeos e africanos e axiña tamén asiáticos e americanos, unha cidade que asentaban daquela 90.000 persoas incluídos 9.000 escravos.

Santiago Prol desentraña seu traballo a traxectoria do mariño ourensán, e sobretudo o contexto da súa misión náutica de exploración, moitas veces incógnita por intereses políticos, de espionaxe ou xeoestraxia do imperio portugués. O certo é que a III Expedición que comandou Da Nova, cun grupo de catro caravelas saíu indemne de toda a enorme travesía e volveu con especiarios cos novos achados dos que conta ao rei Don Manuel.

Coñecedor singular do Océano Índico, João da Nova, pasou por ser un dos diplomáticos que mellor comprendeu e se adaptou ao trato con aquelas civilizacións e os datos permiten asegurar que sendo unha época na que en nada relixión se permitía case toa, apenas se poden documentar feitos reprobábeis na súa traxectoria.

A morte do mariño maceda non produciuse en Cochim (pois da India), non se sabe con certeza se en 1509 ou 1510. As condicións do seu final, dinos Santiago Prol "semellan pouco dignas para o que representaba como cabaleiro da Casa Real". O que é certo é que neste ano cúmprense os 500 anos dos seus descubrimentos atlánticos e por sorte non se deixou para a ocasión dunha primeira aproximación á súa atractiva biografía.